

O dereito á felicidade

José Mujica
Carlo Petrini
Luis Sepúlveda

Limiar de Carlo Petrini para a edición galega

Tradución de María Mediero Mayán



Título orixinal: *Vivere per qualcosa*

© Luis Sepúlveda, Carlo Petrini and José Mujica, Ugo Guanda Editore S.r.l., Via Gherardini 10, Milano
Gruppo Editoriale Mauri Spagnol, 2017 Slow Food Editore S.r.l., Via Audisio 5, Bra (CN) 2017



Slow Food* Editore

by arrangement with Literarische Agentur Mertin Inh.
Nicole Witt e. K., Frankfurt am Main, Germany

© da edición en galego: Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega, 2021

Tradución: María Mediero Mayán

Revisión lingüística: Patricia Buxán Outeiro

Deseño e maquetación: Alicia Rodríguez Malga e Isidro Dozo Valladares

Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega

Rúa Ferrería, 25 – 36202 Vigo (Pontevedra)

www.catroventos.gal

ISBN: 978-84-122499-5-8

Depósito legal: VG 217-2021

Impreso en Jafel Artes Gráficas (Mos, Pontevedra)

Esta obra recibiu unha subvención da Consellaría de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.



**XUNTA
DE GALICIA**

Verbo deste libro

A comezos de novembro de 2016, por convite da Universidade Estatal de Milán, José Mujica, Luis Sepúlveda e Carlo Petrini deron vida a unha conversa na aula magna da devandita universidade moderada por Pino Cacucci. Desta conversa, impulsada e organizada pola Universidade de Ciencias Gastronómicas de Pollenzo e polo Grupo Editorial Lumi, naceu a idea dun libro a tres voces.

- 11 Limiar para a edición galega
Carlo Petrini
- 15 Un destino compartido
Luis Sepúlveda
- 19 O dereito á felicidade
- 63 Notas biográficas

Limiar para a edición galega

Luns, 7 de novembro de 2016, aula magna da Universidade Estatal de Milán. Malia que pasaron catro anos e medio desde aquel día, se miro cara atrás, os meus recordos seguen incrivelmente vivos. Vexo diante de min unha sala ategada na súa maioría de xente nova, non só italiana, senón de distintas nacionalidades. Atoparme perante un público dese tipo desencadea en min dúas sensacións aparentemente en contraste, pero que en realidade están conectadas. A primeira é unha forte enerxía positiva que, coma por osmose, me transmite tanta mocidade xunta. A segunda é unha sensación de axitación mesturada cun sentimento de responsabilidade, porque sei que estou a piques de falar cos que axudarán a escribir as páxinas do noso futuro.

Na tribuna non estou só; teño ao meu carón dous grandes homes que fixeron historia e aos que con moita humildade e profunda admiración me permito chamar *compañeiros*: José *Pepe* Mujica, o campesiño expresidente do Uruguai, e Luis Sepúlveda, o grande escritor e, antes que nada, militante. En resumo, tres mociños —dous case setentóns e un xa cunha oitentena de anos— que se reúnen para debater sobre algunhas das cuestións sociais máis urxentes (migración, desenvolvemento sustentable, solidariedade etc.) adoptando un punto de vista que non é en absoluto banal: acadar a felicidade. Habedes estar pensando «poesía, utopía», pero nada diso! A felicidade sobre a que debatemos é a dos nosos camiños de vida que, se ben diferentes, comparten un esforzo común: a afirmación da felicidade non como benestar individual, senón global, e a política —movida pola paixón e a compaixón, non pola carteira— como vía para acadala.

O noso troco de perspectivas durou 120 minutos, pero estivo tan cargado de significado, de ideas capaces de axitar consciencias, de historias

persoais que se converten en exemplos universais, que se decidiu facer un libro. E cando recibín a nova da súa tradución ao galego, a miña reacción non podía ser outra que non fose a alegría: a pesar do tempo transcorrido, as palabras dese día seguen vivas e, quen sabe, quizais mesmo sexan quen de servir de inspiración para as loitas felices de moita xente.

Case un ano despois do seu pasamento, penso que a publicación deste libro é tamén o xeito perfecto de lembrar e homenaxear o meu prezado amigo Luis Sepúlveda, que vivía na veciña Asturias. As súas reflexións presentes nestas páxinas son pensamentos concretos que non renuncian á vontade de crear un mundo diferente, máis xusto, fraternal e solidario, o mundo no que el quería vivir e que en parte contribuíu a crear. Luis Sepúlveda estaba convencido de que a felicidade era o destino natural da especie humana e desexaba poder vivir o suficiente para poder ver como a súa convicción se convertía nunha práctica cotiá.

Por desgraza, véxome na obriga de dicir que a cousa non foi así: todo o que ten acontecido a escala mundial no último ano, consecuencia directa ou indirecta da pandemia, non só non nos permitiu avanzar con ese enfoque, senón que en moitos casos contribuíu a empeorar os problemas sociais que saíran á luz durante a nosa charla a tres voces. Este período estanos a afectar profundamente a todos, mais non permitamos que o sufrimento vivido até agora sexa en balde: sería unha inxustiza cara a aqueles que non foron quen de sobrevivir. Comprometámonos todos, cadaquén coas súas forzas e as súas posibilidades, a vivir por ese sentido da vida que tanto se debate neste libro: o deber moral de facer a nosa parte para promover e conseguir que a felicidade se converta nun dereito universal.

Carlo Petrini

Un destino compartido

Luis Sepúlveda

O libro que tedes entre as mans é froito dun encontro entre tres persoas que, malia a diversidade das súas orixes, traxectorias e vidas, comparten un destino común.

José *Pepe* Mujica, militante social e exguerrilleiro tupamaro, foi presidente da República do Uruguai de 2010 a 2015. Durante o seu mandato, distinguiuse pola sobriedade e o pragmatismo, certamente non entendidos como unha aceptación pasiva da realidade, senón relativos á súa capacidade de examinar, comprender e explicar as innumerables razóns dunha realidade que, aparentemente, condenaba o Uruguai e todas as nacións latinoamericanas a unha especie de perversa resignación: o sistema capitalista e o neoliberalismo eran dominantes, inmutables, indiscutibles e o único motivo predominante era o dos mercados e os especuladores financeiros.

Mujica opúxose á macroeconomía que reducía o benestar a unha simple cuestión estatística cunha idea de país baseada en quen somos, cales son as nosas potencialidades, até onde podemos progresar e, sobre todo, como avanzar evitando as políticas que xeran marxinação. Mujica converteuse, mal que lle pese, nun referente moral.

Carlo Petrini, desde os primeiros artigos sobre o *Manifesto* até a fundación do movemento Slow Food, deu pulo ás demandas dun desenvolvemento sustentable e equitativo nun ámbito crucial, o relativo á esfera da alimentación en todas as súas variantes sociais, políticas e culturais. Cun compromiso constante, Petrini insiste na importancia dos proxectos, pequenos, medianos e grandes, que, por unha banda, frean o avance das grandes empresas multinacionais orientadas a dominarnos tamén controlando o que inxerimos e, por outra, recuperan o valor da necesidade de

sermos autosuficientes, buscando formas de produción de alimentos que sexan sustentables no tempo e que respecten o medio ambiente nun planeta cada vez máis agredido.

Por último, quen escribe estas liñas: un escritor e militante político de esquerdas comprometido coa loita contra a pasividade e a perspectiva da falta de futuro, á que semellamos condenados pola idea imperante de unidimensionalidade política, social e cultural.

Reunímonos na aula magna da Universidade Estatal de Milán para debater, partindo das nosas experiencias, sobre o tema da felicidade entendida como o obxectivo dos seres humanos e para identificar unha vez máis cales son as forzas que se opoñen a acadar tal obxectivo.

Por suposto, era imposible que as dúas horas que durou a xuntanza puidesen ser suficientes para describir e profundar en todo o que tiñamos que dicir sobre o tema, mais foi un primeiro paso dado por tres homes, por tres persoas diferentes, con experiencias diferentes, que con todo teñen unha visión común sobre algunhas cuestións fundamentais: a participación social e política é un deber e a súa posta en práctica debe ser entendida como unha paixón, non como un medio para obter prestixio ou beneficios. A solidariedade, o valor supremo da fraternidade, debe ser a resposta ao individualismo que, lonxe de afirmar a importancia do «eu individuo», induce á apatía como condición para facer parte do grupo dos privilexiados, mesmo á conta da exclusión das grandes maiorías. Todos os esforzos sociais, culturais e políticos deben aspirar a acadar unha conquista básica: o dereito a sermos suxeitos activos do noso desenvolvemento e do das nosas comunidades. Cando conquistemos este dereito a escala planetaria, levaremos dado un gran paso cara ao obxectivo común da humanidade.

O direito á felicidade

Carlo Petrini

A oportunidade de ter a Pepe Mujica en Italia e, ao mesmo tempo, restablecer un vínculo de amizade con Luis Sepúlveda, quen coma min naceu en 1949, foi demasiado tentadora como para deixala escapar. Dous vellos, Luis e eu, e un rapaz de oitenta e un anos, Pepe. E sobre que se pode reflexionar se non sobre a felicidade? Luis e mais eu xa fixeramos un libro a catro mans sobre este tema¹ e na mesma liña existe *La felicità al potere*, un texto publicado en italiano que conta a historia e o pensamento de Pepe. De aí nace a idea dun diálogo sinxelo, case entre amigos que teñen que lidar coa súa idade e as súas vivencias. Porque, á fin e ao cabo, non hai un concepto que poida servir como parámetro da nosa existencia mellor ca a felicidade, polo menos, a procura dela, o feito de termos camiñado para conseguila, para acadala, aínda que só sexa para rozala levemente durante un tempo.

En primeiro lugar, hai unha premisa que tomar como punto de partida: ninguén é coñecedor de quen sabe que alquimia para acadar a felicidade, non existen fórmulas milagreiras, non hai camiños nin receitas que seguir.

A ese respecto, gústame mencionar un dos nosos detractores, porque ás veces até os que falan mal de nós din cousas simpáticas. En referencia a esta conversa, lin as seguintes palabras: «Mujica, Sepúlveda, Petrini: tres comunistas. Outrora os comunistas comían nenos, agora contan contos de fadas». Fantástico, fantástico! Coido que era difícil facer un eloxio mellor ca este, aínda que fose sen querer. Escribir contos de fadas é unha das cousas máis difíciles que hai, crear mundos a través dos cales expresar

¹ N. da t.: *Un'idea di felicità*, publicado en italiano por Guanda en 2014.

Luis Sepúlveda

É unha grande honra para min ter a oportunidade de discutir estes temas canda o meu prezado e admirado Pepe Mujica. Falar hoxe da felicidade, do futuro, non é doado porque, para chegar á definición deste termo, primeiro cómpre identificar os obstáculos que impiden acadala.

A primeira vez que comecei a reflexionar sobre esta idea da felicidade, da posibilidade de ser feliz, non só como individuo senón como parte dunha colectividade, dunha sociedade feliz, foi no meu país, Chile, en 1971.

Ese ano tiven a grande honra de formar parte da escolta do compañeiro e presidente Salvador Allende, da súa garda persoal. Recordo que, un día de marzo do 71, un xornalista se presentou no palacio presidencial, un filósofo que estivera co Che na guerrilla en Bolivia e ao que o propio Allende salvara do cárcere, un politólogo francés chamado Régis Debray. Viñera para facer unha longa entrevista ao presidente Allende para *Le Nouvel Observateur*. Allende decidiu que algúns compañeiros da súa garda persoal podían estar presentes, non porque se sentise en perigo, non; era unha forma de dicir «prestade atención, rapaces, este diálogo pasará á historia, prestade atención a todo o que se diga».

Esa conversa foi mal porque Debray era un home de notable arrogancia intelectual, convencido das súas ideas de teórico do marxismo. Allende tamén era un intelectual, ao seu xeito, pero de moita humildade e nunca rumbaba da súa intelixencia. Durante a entrevista, Debray efectuou unha serie de críticas ao modelo chileno. As súas críticas baseábanse no feito de que o proceso revolucionario de Chile non encaixaba no esquema clásico de como se fai unha revolución, non seguía unha suposta orde A, B, C de como se leva a cabo un proceso de cambio social. Por exemplo, respectaba a pluralidade política, respectaba estritamente a liberdade de expresión, a

Pepe Mujica

Comezo a miña reflexión sobre a felicidade cun agradecemento especial a Italia, que me deu a miña nai, que me deu parte dos meus soños, parte da miña cultura, unha boa parte do meu compromiso.

A miña xeración pensou máis ou menos que cambiando as relacións de produción e distribución teríamos persoas e unha humanidade mellores. Co paso dos anos, podo dicir que a miña xeración tiña razón, polo menos en parte, pero foi inxenua, porque subestimou o enorme papel que desempeña a cultura nunha sociedade e o feito de que un sistema non consiste só en producir e distribuír, senón que xera tacitamente unha cultura afín aos intereses do propio sistema.

Coido que, en última instancia, é unha cuestión de cultura e coa palabra *cultura* non me refiro simplemente aos libros que escribimos, aos cadros que penduramos, ás orquestras que tocan, á música que comparamos, aos teatros... Todo isto forma parte da cultura, pero existe tamén unha cultura inmanente no conxunto de relacións subliminares que xeramos en cada momento e a cada paso da nosa vida diaria e que, no fondo, goberna —aínda que non nos decatemos— a dirección que toma a nosa vida. Refírome a este tipo de cultura.

É aquela que, sen que nos deamos de conta, nos induce a desexar e mercar unha camisa determinada só polo feito de que teña un pequeno crocodilo ou unhas zapatillas deportivas dunha marca determinada ou, se temos un coche pequeno, fainos sentir na obriga de cambiálo por outro meirande e, se é alemán, aínda mellor. E así sucesivamente. Este é o aspecto da cultura que dá forma ao sistema na época na que vivimos e que tende a gobernarnos. E, daquela, tes que cambiar o teléfono si ou si porque vén de saír un novo modelo máis grande con máis funcións e máis rápido, e vas

O dereito á felicidade

Tres grandes personalidades, fascinantes e carismáticas, reflexionan sobre algunhas das cuestións sociais máis urxentes partindo do presuposto de que, se hai que vivir por un motivo, ese non pode ser outro ca a busca da felicidade: unha felicidade non persoal senón global, marcada pola empatía e a fraternidade, capaz de abrazar toda a comunidade e recuperar o auténtico sentido do que significa facer política.

Neste diálogo entretécense a mensaxe para a mocidade dun expresidente que se sae dos esquemas como Pepe Mujica, as ideas dun célebre escritor militante como Luis Sepúlveda e as reflexións do fundador do movemento Slow Food Carlo Petrini, comprometido cun modelo de desenvolvemento agroalimentario equitativo e sustentable. Tres homes de orixes e traxectorias diferentes unidos por un destino e un compromiso común. Un libro para comprender que o mundo non se pode rexer por unha política que non sexa a do ben común.



www.catroventos.gal



CONSUMO
RESPONSABLE



ECOLOXIA



ECONOMÍA
SOCIAL



DEREITOS
HUMANOS



EDUCACIÓN E CRIANZA
ALTERNATIVAS

ISBN 978-84-122499-5-8



9 788412 249958